



Concello de
OURENSE
Deportes

ACTA DA REUNIÓN DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACION PRECEPTIVA DO TRIBUNAL PARA A CONFECCION DE LISTAXES DE ASESOR XURÍDICO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES EN REXIME DE INTERINIDADE.

En Ourense a 02 de febreiro de 2018, ás 10 horas, nos locais do Pavillón Municipal de Deportes, reúnese o Tribunal para a valoración dos méritos achegados polos aspirantes de Asesor Xurídico do Consello Municipal de Deportes para a contratación temporal en réxime de funcionario interino para cobertura de necesidades derivadas das circunstancias recollidas no artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A finalidade da reunión é efectuar as baremacións provisionais segundo os méritos achegados polos aspirantes, de acordo coas bases aprobadas polo Consello Municipal de Deportes en data 15 de xuño de 2017. O Tribunal está conformado polos seguintes membros:

- Presidente: Mario González Rodríguez.
- Vogal: Gonzalo Alonso Alvarez
- Secretario: Carlos Javier Fernández Fernández

Feitas as comprobacións oportunas e examinada a documentación que forma parte do expediente, o tribunal adoita a seguinte resolución:

I. Experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría.

1. Por cada mes completo de servizos na administración pública.
2. Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ou de superior categoría ao que aspira na empresa privada.

II. Participación en procesos de oposición.

Por ter superado algún exame de oposición organizado por calquera administración pública para a cobertura como funcionario de carreira ou laboral fixo dunha praza igual/superior ou equivalente á convocada.

III. Formación:

A. Titulacións Académicas: Titulacións académicas superiores ás requiridas para o posto e relacionadas co labor administrativo

1. Licenciatura ou grao na rama financeira-empresarial-dereito.
2. Diplomatura na rama financeira-empresarial.
3. Ciclo superior da rama administrativa-financeira.

B. Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos



Concello de
OURENSE
Deportes

por unha administración ou entidade pública ou homologadas por ela. Só se valorarán os cursos relacionados con: Informática, Dereito, Empresariais, Ciencias Económicas, Xestión administrativa, Xestión de recursos humanos e Prevención de riscos laborais.

1. Cunha duración de 30 a 100 horas.
2. Cunha duración de 100 a 150 horas.
3. Cunha duración superior a 150 horas.

C. Coñecemento da lingua Galega:

1. Celga 1: 0,10 puntos
2. Celga 2: 0,15 puntos
3. Celga 3 ou iniciación: 0,25 puntos.
4. Celga 4 ou perfeccionamento: 0,5 puntos

Só se terá en conta a puntuación do máximo nivel que se acredite.

A continuación expóñense as táboas coas valoracións provisionais:

R.CMD	NOME E APELIDOS	DNI	I	II	III			TOTAL
					A	B	C	
1235	MÓNICA SERRANO CASTRO	34996863V	2,123	0,500		0,500	0,500	3,623
1224	DIEGO ALONSO DE ABEL	34990463B	2,020	0,250		0,250	0,500	3,020
1225	JESÚS GONZÁLEZ GONZÁLEZ	44484275K	1,410					1,410
1223	MARTA GÁLVEZ MARQUINA	34993354G	0,150			0,500	0,500	1,150
1221	FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ PÉREZ	34938569M			0,750			0,750
1213	PABLO PÉREZ MANSO	44459095A				0,200		0,200

Esta listaxe ten carácter provisional. Os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte a súa exposición na web: www.deportesourense.com e no taboleiro de anuncios do Consello Municipal de Deportes, para efectuar as reclamacións que estimen oportunas. Resoltas as mesmas, efectuarase a listaxe definitiva que será elevada ao Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes para a súa aprobación.

Sendo as 10:15 horas o tribunal termina as súas deliberacións do cal como secretario dou fe.

O presidente



O vogal

O secretario